

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2025/30	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	18 de agosto de 2025
Duración	Dende as 13:20 ata as 13:30 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez

ASISTENCIA A SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 08.08.2025**

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 08 de agosto de 2025.

Expediente 1073/2025. Contratacións. SUSTITUCIÓN DE CUBIERTA DEL CENTRO DE SALUD DE A BANDEIRA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a concesión da subvención, ao abeiro do PLAN + PROVINCIA LIÑA 1 ano 2025, por importe de 53.890,31 €, incluídos honorarios técnicos, para a SUSTITUCIÓN DE CUBIERTA DEL CENTRO DE SALUD DE A BANDEIRA.

Visto que para tal fin foi redactado o proxecto técnico correspondente, pola arquitecta dna. MARLENE PÉREZ SÁNCHEZ, e cun presuposto base de licitación de 100.278,62€.

Visto que a suma do orzamento do proxecto mais honorarios de redacción de proxectos, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, alcanzan a cantidade de 107.780,62 €

Vista a inminente concesión da subvención por parte da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia mediante un convenio de colaboración co Concello de Silleda para asumir o 50 % do custe total arriba referido.

Visto que consta no expediente o informe sobre as autorizacións sectoriais necesarias para a execución das obras.

Visto que consta no expediente o informe positivo de supervisión do proxecto.

Visto que consta no expediente a acta de trazado previo, cumpríndose os requisitos establecidos pola normativa vixente.

Visto que, en consecuencia, pode procederse a iniciar o correspondente expediente de contratación para a execución das obras conforme á normativa de contratación do sector público.

A tal efecto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto: SUSTITUCIÓN DE CUBIERTA DEL CENTRO DE SALUD DE A BANDEIRA. por importe de 100.278,62 € euros (IVA INCLUIDO) nos termos do artigo 233 Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, e de conformidade coa da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

SEGUNDO.- Aprobar o inicio do expediente de contratación da obra denominada "SUSTITUCIÓN DE CUBIERTA DEL CENTRO DE DE SALUD DE A BANDEIRA", conforme ao proxecto redactado

por Dna. MARLENE PÉREZ SÁNCHEZ.

TERCEIRO.- Ordenar que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

CUARTO.- Solicitar á Secretaría municipal que proceda a emitir informe xurídico preceptivo relativo a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares, de conformidade co artigo 122.7 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO.- Solicitar á Intervención municipal que se proceda á fiscalización do contido de ditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, aos efectos previstos no apartado 3 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Expediente 909/2025. Contratacións. MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL EN O CARBALLO-LAXE-FORCAS, SILLEDA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a Resolución de concesión de subvención concedida para a execución da obra denominada MEJORA DE CAMINO MUNICIPAL EN O CARBALLO-LAXE-FORCAS, SILLEDA ao abeiro da RESOLUCIÓN do 30 de decembro de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas financiadas ao abeiro do plan Camiña rural para o período 2025-2026 e se convocan as correspondentes ao ano 2025, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento MR701E).

Visto o Proxecto redactado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz denominado: MEJORA DE CAMINO MUNICIPAL EN O CARBALLO-LAXE-FORCAS, SILLEDA por importe de 119.156,92 € euros (IVA INCLUÍDO).

Visto o Informe emitido polo técnico municipal sobre a procedencia de solicitar autorizacións sectoriais e o cumprimento da normativa urbanística.

Autorizacións sectoriais incorporadas ao expediente:

- Consellería de Medio Rural
- Aguas de Galicia

Visto o informe sobre estabilidade, seguridade ou estanqueidade do proxecto de conformidade co disposto no artigo 235 do LCSP, emitido polo técnico municipal no que se manifesta que as obras contidas no proxecto non afectan a estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

Vista a aprobación do proxecto realizada na sesión da Xunta de Goberno Local de data 02 de

xuño de 2025, precedida de informe do arquitecto técnico municipal asinado o 28 de maio de 2025.

Vista a Acta de Reformulo Previo.

Visto o acordo de inicio do expediente de contratación.

Vistos os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

Visto o informe xurídico redactado por la Secretaria municipal.

Visto o Informe de Intervención.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación anticipada, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, para contratar a obra de “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL EN O CARBALLO-LAXE-FORCAS, SILLEDA”.

SEGUNDO. Autorizar, pola contía de 119.156,92 € (IVE engadido), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo ás aplicacións previstas no estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2025, indicando que que a presente actuación está pendente de cofinanciación pola Deputación de Pontevedra (Plan Provincia extraordinariae Plan Concellos 2025) polo que ao abeiro da disp. adic. 3ª LCSP, estamos en presenza dun contrato cúa financiación depende dunha subvención, donde a adxudicación do expediente tramitado anticipadamente queda sometido a condición suspensiva da efectiva dispoñibilidade dos recursos cos que se pretende financiar

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas do contrato de obra de “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL EN O CARBALLO-LAXE-FORCAS, SILLEDA” por procedemento aberto simplificado, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación e os pregos de contratación no Perfil de Contratante do Concello de Silleda, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Expediente 591/2025. Contratacións. MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA AVENIDA DO PARQUE, SILLEDA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a Resolución de concesión de subvención concedida para a execución da obra denominada **“MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA AVENIDA DO PARQUE, SILLEDÁ”**, ao abeiro da convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra, por importe de 597.698,38 €.

Visto o convenio de colaboración entre o Concello de Silleda e a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas para o cofinanciamento do proxecto, por importe de 104.597,22 €.

Visto que está pendente a cofinanciación para o mesmo proxecto, ao abeiro do Plan Mais Provincia 2025, na súa Liña 1.

Visto o Proxecto redactado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz denominado: **“MEJORA DE LA MOVILIDAD PEATONAL EN LA AVENIDA DO PARQUE. SILLEDÁ (PONTEVEDRA)”**, asinado o 21 de novembro de 2024, cun orzamento total de de 747.122,98 (ive engadido).

Visto o informe positivo de supervisión de supervisión do proxecto de conformidade co disposto no artigo 235 da LCSP, que consta no expediente 591/2025.

Vista a acta de trazado previo que figura no expediente de solicitude da subvención.

Vistas as Autorizacións sectoriais incorporadas ao expediente.

Visto o acordo de incio do expediente de contratación.

Vistos os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

Visto o informe xurídico redactado por la Secretaria municipal.

Visto o Informe de Intervención.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, tramitación anticipada, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, para contratar a obra de **“MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA AVENIDA DO PARQUE, SILLEDÁ”**.

SEGUNDO. Autorizar, pola contía de **747.122,98 €** (IVE engadido), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo ás aplicacións previstas no estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2025 , indicando que indicando que a presente actuación está pendente de cofinanciación pola Deputación de Pontevedra (Plan Mais Provincia 2025) polo que ao abeiro da disp. adic. 3ª LCSP, estamos en presenza dun contrato cuiafinanciación depende dunha subvención, donde a adxudicación do expediente tramitadoanticipadamente queda sometido a condición suspensiva da efectiva dispoñibilidade

dos recursos cos que se pretende financiar.

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas do contrato de obra de **“MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA AVENIDA DO PARQUE, SILLEDÁ”** por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación. Tramitación anticipada.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación e os pregos de contratación no Perfil de Contratante do Concello de Silleda, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE